



APDR

Asociación pola defensa da Ría

O PACTO AMBIENTAL DE ENCE

De acordo co recollido nos medios de comunicación, onte constituíuse en Pontevedra a comisión encargada de repartir as esmolas que o chamado “pacto medioambiental” asinado entre ENCE e a Xunta de Galicia reserva para os colectivos sociais da comarca, un plan que nada ten que ver coas cuestións medio ambientais e co que ENCE persigue –única e exclusivamente- mercar vontades e estómagos agradecidos que lle axuden a lavar a súa imaxe e a contrarrestar a oposición á súa permanencia na Ría.

Pero é que, ademais, non existe en todo o pactado entre ENCE e Xunta ningún aspecto que poida xustificar a denominación de “medioambiental” a tal pacto; en efecto, todos os aspectos que puideran ter tal consideración, como a “redución do impacto visual” (chamado eufemisticamente “mellora paisaxística”) ou a redución no consumo de auga ou dos cheiros, eran inversións previstas pola empresa con anterioridade á concesión da prórroga e mesmo levan aparelado o aumento de produción e, xa que logo, o aumento da carga contaminante.

E non se poden considerar tampouco como actuacións ambientais de ENCE as partidas destinadas á ampliación da depuradora de Os Praceres ou á construción dun novo emisario submariño (actuacións que –de ser necesarias- terían que ser asumidas pola administración autonómica), actuacións que nada teñen que ver coa mellora ambiental da actividade da empresa pasteira, un aspecto que –como xa dixemos- a Xunta de Galicia obvia neste pacto a pesares de ter constatado ao longo dos anos o seu continuado incumprimento da lexislación en materia de vertidos á Ría.

A realidade é que, lonxe de se tratar dun pacto polo que ENCE se compromete coa administración a cumprir determinadas esixencias encamiñadas á protección do medio ambiente, trátase dun seguro que

garante á empresa a súa continuidade en Lourizán sen contraprestacións ambientais. ENCE condiciona as inversións propostas neste mal chamado pacto ambiental á que non se poñan en cuestión, nin pola vía administrativa nin pola xudicial os títulos concesionais nin as licencias, permisos ou autorizacións necesarias para futuras actuacións na fábrica de Lourizán. E a Xunta, sumisamente, admíteo!

Os problemas do saneamento da Ría son numerosos e de distinta índole e gravidade; e compételle ás distintas administracións a súa acometida e solución. Non será posíbel ter unha Ría saneada, cunha calidade das augas acorde coas esixencias legais para o baño e os cultivos mariños, unha Ría na que non haxa mais zonas C, en tanto non se eliminan os vertidos directos á Ría e aos ríos que a conforman; mentres non se acometa de forma definitiva a separación de augas fecais e pluviais e se depuren as augas residuais domésticas e industriais de forma absoluta e eficaz, impedindo de forma tallante a chegada á Ría de contaminación química, orgánica e microbiolóxica. E, neste sentido, a permanencia dos vertidos de ENCE e ELNOSA na Ría, cunhas elevadas cargas de materia orgánica e bacterias coliformes no caso de ENCE e de contaminación química no caso de ELNOSA, impedirá calquera plan de saneamento medianamente serio. Porque, contrariamente ao que entende a Xunta, ENCE e ELNOSA son parte moi importante do problema e non a solución ao mesmo!



Pontevedra 14 de Outubro de 2016



APDR

Asociación pola defensa da Ría

"A ver si con estos cartiños olvidan lo del Ence Fóra"

"En ENCE pensamos que todo el mundo tiene un precio, ya veréis"



O pacto entre ENCE e a XUNTA do PP ou de como calar bocas e mercar vontades para continuar coa CORRUPCIÓN AMBIENTAL